

Recomendación dirixida á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Expediente: K.7.Q/2999/20

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020

Sr. Vicepresidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á demora na tramitación da inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de A Coruña.

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba que:

“Tardanza en formalizar a solicitude de parella de feito entre [REDACTED] e [REDACTED] con número de referencia do Expediente: [REDACTED]. A solicitude foi feita e os papeis entregados o día 2 de xaneiro de 2020 e contestada o día 4 de febreiro de 2020 a solicitude de información adicional do 22 de xaneiro de 2020.

Porén non temos aínda resposta do rexistro da nosa data para formalizar os papeis. Cando chamamos telefonicamente a Encargada do Rexistro de A Coruña informounos de que o rexistro estaba parado no estado de Alarma (non estando parado o Rexistro Civil para matrimonios durante este tempo). Ademais se nos suxeriu telefonicamente que renunciemos a facernos parella de feito e optar polo matrimonio no Rexistro Civil por parte dunha funcionaria do Rexistro.

Neste sentido reclamamos o noso dereito de poder formalizar a nosa parella de feito, opción que nos da a lei, e que agora mesmo pola ineficacia nas funcións que ten que levar a cabo a Xunta se nos impide. E que ademais por un tema de caducidade dos certificados en Vietnam (país de orixe de [REDACTED]) xa non se pode facer.

Non sendo unha razón da tardanza o Estado de Alarma polo COVID-19, xa que o Rexistro Civil seguiu formalizando matrimonios durante ese tempo con as garantías sanitarias.

Sendo este o equivalente máis próximo a figura de parella de feito. Demostrando así que a formalización das parellas de feito podía facerse coas garantías necesarias no Estado de Alarma.

Ademais de reclamar xa por ser un tema bastante bochornoso que nos recomenden dende o propio Rexistro de Parellas de feito renunciar o proceso, nun intento de que desistamos voluntariamente de exercer unha opción que nos da a lei.

Polo tanto pido que o valedor do pobo me defenda para que a a miña moza (██████████) e eu (██████████) podamos formalizar a nosa parella de feito nun prazo adecuado. E que os inconvenientes que conleva esta tardanza para nos non se produzan. “

Ante iso requirimos informe á Xefatura Territorial da Consellería na Coruña, que xa nola remitiu no que sinala o seguinte:

En relación á petición de informe solicitado por correo electrónico a esta Xefatura Territorial da Coruña o 15/07/2020 pola queixa formulada ante esa Institución por ██████████, relativa ao expediente AC-2020/00012 que se tramita nesta Xefatura Territorial, e lago da información recabada da Encargada do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia nesta provincia, procede informar do seguinte:

Primeiro.- Con data do 02/01/2020 ██████████ e ██████████ solicitaron a inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia na Coruña. Logo de revisar o expediente, o 22/01/2020 requíreselles para que completen a documentación, trámite que formalizan o 10/02/2020 con data de entrada neste Rexistro o 12/02/2020.

Segundo.- A declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, publicada no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE núm. 67), tivo como consecuencia, de conformidade coas recomendacións sanitarias e previsións normativas da Xunta de Galicia, así como polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) non seu nivel IG, xunto co establecido no apartado segundo do Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), do 15 de marzo de 2020, mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 (DOG núm. 51, do 15 de

marzo), segundo o cal todos os empregados públicos que realicen funcións, dentro de edificios ou instalacións administrativas, que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial, deberán permanecer nos seus domicilios quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, polo que as 105 citas programadas para os meses de marzo, abril e maio do trámite da emisión de vontade de constituírse parella de feito que o Decreto regulador do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia require que se realice de xeito necesariamente presencial ante a persoa Encargada do Rexistro (artigo 11.2.d do Decreto 240/2007 polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia) quedaron suspendidas ata as instrucións de apertura e acceso de público ao edificio, e sen prexuízo da actividade que se estivo a desenvolver na modalidade de teletraballo para as actuacións nas que así era posible.

Consonte informa a Encargada do Rexistro de Parellas de Feito de Galicia na provincia da Coruña, en varias ocasións falou co reclamante, indicándolle as circunstancias do procedemento administrativo de inscrición no Rexistro autonómico de Parellas de Feito e explicándolle a situación que se estaba a producir por mor da suspensión das comparecencias persoais nos 105 expedientes pendentes do dito trámite na Xefatura Territorial na Coruña.

Terceiro.- En conclusión, a tardanza ven motivada pelas circunstancias excepcionais da declaración de estado de alarma que afectou á actividade administrativa, como é o procedemento de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, o cal require, segundo a súa normativa reguladora, que ambos os dous membros da parella declaren a súa vontade de constituírse como tal mediante comparecencia persoal ante a persoa Encargada do Rexistro da provincia correspondente. A este respecto, o pasado 29 de maio reanudáronse na Xefatura Territorial da Coruña as ditas comparecencias, comezando pelas suspendidas, polo que o reclamante será citado cando por turno lle corresponda segundo a organización do servizo e as indicacións no acceso aos edificios administrativos da Xunta de Galicia.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

As Administracións públicas encárganse de xestionar os servizos públicos en favor da cidadanía e, canto máis áxil e eficaz os sexa, redundase en mellores beneficios e satisfacción para ambas as partes.

Unha Administración capaz de identificar os tempos periódicos e predicibles sería máis capaz de conxugar o futuro e o pasado na súa actividade e por tanto, ser máis racional no comportamento coa cidadanía.

É por iso, que implementar unha axenda para sinalar con anticipación as comparecencias persoais e preceptivas, conlevaría a racionalizar os tempos da Administración e, polo tanto, dar seguridade á cidadanía. Esta combinación de ambos factores, servirá como unha poderosa ferramenta de axilidade, funcionalidade e seguridade, tendo en conta ademais, o establecido no artigo 19 do Decreto 146/2014, de 13 de novembro, polo que se modifica o Decreto 248/2007 de 20 de Nadal, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, que regula o tempo máximo de resolución dos expedientes, desde o seu inicio, será de tres meses.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Vicepresidencia a seguinte **suxestión**:

“Que no caso concreto do cidadán que presenta a queixa, se lle informe da data probable para a realización da comparecencia persoalísima, tendo en conta o establecido no artigo 19 do Decreto 146/2014, de 13 de novembro, polo que se modifica o Decreto 248/2007 de 20 de Nadal, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia, que fixa o tempo máximo de resolución dos expedientes, desde o seu inicio, será de tres meses.”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela



actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo